


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EDUCACIÓN FÍSICA

CURSO 2021.22

5º ED. PRIMARIA



CEIP Plurilingüe  
O MOSTEIRÓN

ÍNDICE:

• 1.- Introducción .....	2
• 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave .....	3
• 3.- Concreción para cada estándar: .....	4
▪ Temporalización	
▪ Grao mínimo de consecución para superar a materia	
▪ Procedementos e instrumentos de avaliación	
• 4.- Concrecións metodolóxicas .....	20
• 5.- Materiais e recursos didácticos que se van utilizar .....	21
• 6.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación.....	21
• 7.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente .....	22
• 8.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, De ser o caso.....	23
• 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados .....	22
• 10.- Medidas de atención á diversidade .....	23
• 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso .....	23
• 12.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .....	23

## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagóxica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvólvese e completase o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.

Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.

A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

A área de Educación Física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesión de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente.

## 2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A distribución de competencias por estándar está reflectido no punto 3 da programación, aínda que destacamos que a competencia motriz é fundamental para desenvolver as competencias social e cívica, aprender a aprender, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais e matemática e científico tecnolóxica e, en menor medida, a competencia lingüística e a competencia dixital.

3.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

<b>CURSO</b>	21_22 EF 5º		
<b>NIVEL</b>	5º PRIMARIA	<b>ÁREA</b>	Educación Física (EF)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
<b>Bloque 1: Contidos comúns en Educación Física</b>							
EF-B1.1	5º-EFB.1.1.3 - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CSC CAA CSIEE
EF-B1.1	5º-EFB.1.1.5 - Demostra un nivel de autoconfianza axeitada		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico	CSC CAA CSIEE

	ás súas capacidades.					(anecdótico).	
EF-B1.2	5º-EFB.1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CCL CD CAA
EF-B1.2	5º-EFB.1.2.3 - Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	Exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CCL CSC
EF-B1.3	5º-EFB.1.3.1 - Ten interese por mellorar a competencia motriz.	Ten interese por mellorar a competencia motriz.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC CAA
EF-B1.3	5º-EFB.1.3.2 - Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSIEE CAA CCEC

	motores con espontaneidade e creatividade.						
EF-B1.3	5º-EFB.1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo (Incorpora nas súas rutinas a hixiene de mans e trae a botella de auga e a máscara de recambio ás sesións de EF)		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	<p>CSC</p> <p>CSIEE</p> <p>CAA</p>
EF-B1.3	5º-EFB.1.3.4 - Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC
EF-B1.3	5º-EFB.1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	<p>CSC</p> <p>CAA</p>

**Bloque 2: O corpo: imaxe e percepción**

EF-B2.1	5º-EFB.2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC CAA
EF-B2.1	5º-EFB.2.1.2 - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.</p>	CSC CAA CSIEE
<b>Bloque 3: Habilidades motrices</b>							
EF-B3.1	5º-EFB.3.1.1 - Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-	Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices. Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC CCEC CAA CSIEE



	deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.						
EF-B3.1	5º-EFB.3.1.2 - Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.	Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices. Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	<p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p>
EF-B3.1	5º-EFB.3.1.3 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos	Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices. Rexistro</p>	<p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p>

	(lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.	diferentes tipos de contornos e de actividades.				anecdótico (anecdótico).	
EF-B3.1	5º-EFB.3.1.4 - Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-	Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices. Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	<p>CSC</p> <p>CCEE</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p>

	temporais e intentando manter o equilibrio postural.						
EF-B3.1	5º-EFB.3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices. Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC CAA CSIEE
EF-B3.1	5º-EFB.3.1.6 - Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades.	Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC CAA CSIEE
<b>Bloque 4: Actividades físicas artístico expresivas</b>							
EF-B4.1	5º-EFB4.1.1 - Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando	Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e</p>	CCEC CSC CAA

	os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	individualmente, en parellas ou en grupos			dramáticos.	
EF-B4.1	5º-EFB4.1.2 - Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	<p>CCEC</p> <p>CSC</p> <p>CAA</p>
EF-B4.1	5º-EFB4.1.3 - Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.	Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica		X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	<p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>
EF-B4.1	5º-EFB4.1.4 - Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e	Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	<p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>

	compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos.	partindo de estímulos musicais ou plásticos.					
<b>Bloque 5: Actividade física e saúde</b>							
EF-B5.1	5º-EFB5.1.1 - Ten interese por mellorar as capacidades físicas.	Ten interese por mellorar as capacidades físicas.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSIEE CAA
EF-B5.1	5º-EFB5.1.5 - Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.	Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>	CSC CAA CSIEE
EF-B5.2	5º-EFB5.2.3 - Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.		X			<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CAA CSIEE CSC
<b>Bloque 6: Os xogos e actividades deportivas</b>							
EF-B6.1	5º-EFB6.1.1 - Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica				X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC CSIEE CAA

	individual e colectiva en diferentes situacións motrices.						
EF-B6.1	5º-EFB6.1.2 - Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	<p>CAA</p> <p>CSIEE</p> <p>CSC</p>
EF-B6.2	5º-EFB6.2.3 - Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.	Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	<p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>
EF-B6.4	5º-EFB6.4.1 - Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.</p>	<p>CSC</p> <p>CAA</p>

EF-B6.4	5º-EFB6.4.2 - Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	Utiliza os espazos naturais respectandoos.	X	X	X	PROCEDIMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CSC CAA
---------	---	--	---	---	---	--	------------

#### 4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Partirase dun enfoque globalizador no que os estilos de ensinanza favorezan a participación activa a través da procura, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará ás alumnas e aos alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións, fomentando a súa autonomía.

O xogo é un recurso metodolóxico que se utilizará para gran parte dos contidos que se traten. O xogo ten un carácter natural, está presente nas persoas case desde o nacemento e pode ser multidisciplinar. Cómpre destacar que este contido pode acercarnos ao coñecemento da cultura anglosaxona. O desenvolvemento de xogos favorecerá a adquisición de valores básicos e o desenvolvemento de competencias clave que favorezan a súa integración na sociedade.

O mando directo será un estilo empregado cando as tarefas entrañen algún risco.

Por último, o desenvolvemento da educación emocional guiará o proceso de ensinanza- aprendizaxe, tendo en conta o estado emocional de cada un dos alumnos e alumnas.

- **Actividade lectiva semipresencial.**

En función da situación poderemos traballar nas clases presenciais uns contidos que despois podan reforzar na fase non presencial, ben repetindo a parte práctica da unidade didáctica ou ampliando o bagaxe motriz investigando e probando con novos movementos, actividades ou propostas. Tamén pode realizarse un traballo de búsqueda de información relacionada co aprendido nas clases e a súa posterior presentación.

Empregaremos a aula virtual e/ou o correo electrónico.

- **Actividade lectiva en confinamiento total.**

En caso de ter que facer actividade lectiva a distancia utilizaremos a aula virtual para colgar tarefas.

Empregaremos vídeos e aplicacións para poder traballar de maneira interactiva: cuestionarios en Google Forms, Kahoot, Educaplay, Quizziz, Wordplay ou Life Worksheet ou outras que se axusten as necesidades.

En función da situación poderemos repasar contidos traballados ata ese momento do curso ou introducir novos, sempre que as súas características así o permitan. Utilizando tanto actividades prácticas como teóricas según as necesidades. Para iso empregaremos a aula virtual do centro e/ou o correo electrónico



## 5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaremos material deportivo, altosfalantes, equipo de música, encerado, proxector, tablet, dispositivos de gravación.

## 6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación supón aprecia-los progresos que os rapaces/as realizan ó longo da súa aprendizaxe, se as tarefas propostas se adecúan aos obxectivos que se queren acadar, se o clima da clase é o idóneo para a aprendizaxe, se os contidos satisfán os intereses dos alumnos e se a estratexia de presenta-los contidos e tarefas son os máis axeitados, polo tanto, debe abarcar todo o proceso de ensinanza e aprendizaxe que se dará neste curso. Para que todo o proceso quede valorado empregaremos a avaliación inicial, a formativa e a final.

Os instrumentos de avaliación fundamentais que se empregará neste nivel:

- Observación directa onde se recollerán en listaxes de control, rúbricas, anecdotario e diario de observación a consecución dos estándares.

Tamén poderemos empregar gravacións para comprobar o grado de adquisición dos estándares de aprendizaxe do alumnado.

### **Criterios de cualificación**

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os **criterios de avaliación** e a súa concreción nos **estándares de aprendizaxe avaliados aos que lles outorgamos un peso** . No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación, que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Para levar a cabo o proceso de avaliación teremos en conta:

1. Observación sistemática:
  - Seu ritmo de aprendizaxe.
  - A actitude cara á aprendizaxe nas distintas actividades.
  - A participación e o interese nas actividades propostas.
2. Observación directa para calibrar os estándares relacionadas coas accións motrices e as competencias básicas.
  - Rexistro anecdótico
  - Rúbricas.

Os criterios de cualificación serán a aplicación dos porcentaxes de cada un dos estándares de aprendizaxe traballados. Sinalamos que para a superación da asignatura é necesario cumprir os mínimos e se están superados, sumaremos o valor do resto de estándares traballados.

Debido as características da nosa asignatura, no caso de que tivéramos que optar pola ensinanza a distancia na metade dun trimestre, para a avaliación teríamos en conta os datos recollidos ata ese momento. Se tivéramos que empregala no comezo dun trimestre, no caso de que non se podan traballar todos os estándares temporalizados, realizaremos a avaliación cos estándares desenvolto na parte presencial, mixta e/o a distancia.

As porcentaxes dos estándares non vistos, serán repartidos entre os outros.

## 7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A través da observación directa ou de producións do alumnado, comprobaremos que os obxectivos para a que foi deseñada a programación foron acadados. Completando estas observacións con outro tipo de instrumentos como o cuestionario ou a avaliación que realiza o alumnado despois dalgunhas unidades didácticas e ao final de curso a través dun formulario online, o que supón unha fonte de información moi valiosa para o redeseño da práctica.

Realizarase unha valoración da programación a partir dos obxectivos cumpridos, dificultades atopadas e recolleranse na memoria final as propostas de mellora suxeridas polas mestras especialistas de Educación Física.

## 8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.

No caso de recuperación de materias pendentes, se o alumno/a a supera no seguinte curso, de forma inmediata queda recuperada a materia pendente.

## 9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial realizarase a través da observación directa na que valoraremos a condición física do alumno e algunhas habilidades motrices básicas. Despois en cada unidade didáctica realizarémola, ben a través da observación directa como realizando preguntas sobre os coñecementos vinculados aos contidos a traballar.

## 10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dentro da diversidade de capacidades do alumnado, teremos en conta tanto as necesidades de ampliación como as actividades de reforzo.

Cando un alumno/a necesite unha ampliación poderemos aproveitar para darlle a oportunidade de aplicar a súa experiencia/ habilidade na axuda dos seus compañeiros e compañeiras, presentarlle retos con maior nivel de complexidade ou darlle a oportunidade de ser mestra/e especialista dando unha masterclass.

No caso de que o alumnado presente dificultades na adquisición de destrezas, habilidades ou comprensión das situación de xogo poderemos secuenciar unha habilidade en diferentes niveis de complexidade, simplificalas, prestar axuda na súa realización, empregar materiais que den maior sensación de seguridade ou asignarlle un compañeiro/a que lle axude na superación dos obstáculos.

## 11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

No fomento da equidade e da inclusión participaremos na Carreira ENKI na que traballaremos a sensibilización ante os problemas que cada día as persoas con diversidade funcional atópanse no seu día a día. Promoveremos o desenvolvemento dos valores que fomentan a igualdade efectiva entre homes e mulleres rompendo estereotipos dentro da práctica deportiva, a través de exemplos de deportistas e favorecendo a práctica de actividade física e liberándoa de etiquetas de xénero. Do mesmo xeito, trataremos de axudar ao noso alumnado a resolver as súas diferencias dunha maneira pacífica con un linguaxe respectuoso e escoitando o que os outros teñen que dicir.

En relación co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, intentaremos inculcar o respecto polo uso dos materiais para prolongar o seu tempo de uso e diminuír o consumo, o emprego de materiais autoconstruídos con material de refugallo e o respecto aos espazos naturais onde realicemos actividades.

## 12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Participación na carreira ENKI.
- Celebración do Halloween a través de xogos e ambientación da tradición angloxasona.
- Celebración do Thanksgiving con xogos relacionados coa festa.
- Celebración do día da Paz con xogos cooperativos.
- Celebración do Easter coa búsqueda de ovos.
- Realización de roteiros.
- Actividades propostas polo Concello u outras entidades que fomenten a realización de actividade

física.

- Visita de clubes ou asociacións culturais/deportivas para a promoción do deporte e a actividade física.
-